

ADDENDA CUARTA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN PRO PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA) PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO ALUMNADO CON DISCAPACIDADE NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DA CORUÑA

### REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Nicanor Álvarez Álvarez, que actúa no nome e representación da Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), na súa calidade de presidente, nomeado para o cargo na reunión da asemblea xeral da asociación que tivo lugar o día 15 de outubro de 2018.

### EXPOÑEN

I.- Que o 2 de xuño de 2021 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) asinaron un convenio de colaboración para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia da Coruña (CEEPR Nuestra Señora de Lourdes). O 10 de xuño de 2022 asinaron unha addenda ao convenio de colaboración para o curso escolar 2022-2023. O 16 de xuño de 2023 asinouse a addenda segunda para o curso escolar 2023-2024. A addenda terceira asinouse con data do 31 de xullo de 2024 para o curso escolar 2024-2025.



II.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar para o alumnado con distintos tipos de discapacidades que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para o curso escolar 2025-2026.

III.- Que a cláusula décimo terceira do convenio prevé a posibilidade de prórroga por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) acordan a sinatura desta cuarta addenda para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia da Coruña (CEEPR Nuestra Señora de Lourdes) con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Constitúe o obxecto desta addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 2 de xuño de 2021 durante o curso escolar 2025-2026.

### **Segunda.- Financiamento para o curso escolar 2025-2026**

A consellería colaborará coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) cunha achega económica de 2,88 euros por usuario, sendo a aportación máxima de 38.448,00 € (15.336,00 € no ano 2025 e 23.112,00 € no ano 2026), para un número máximo de 75 usuarios autorizados, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.01.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026.



### **Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda cuarta. consentimento para a publicidade de datos persoais**

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura desta addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

### **Cuarta.- Condicións**

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para o curso escolar 2025-2026 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda

Estando conformes co estipulado, asínase esta cuarta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

P.D. (Orde do 05.06.2024)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O presidente da Asociación Pro Personas con  
Discapacidad Intelectual de Galicia  
(ASPRONAGA)

Nicanor Álvarez Álvarez

